



ADMISIÓN ALUMNADO CURSO 2023-2024

LEXISLACIÓN APLICABLE	<ul style="list-style-type: none">-Decreto 13/2022 de 3 de febreiro, Admisión alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 11 febreiro 2022)-Orde 18 de decembro de 2020 pola que se modifica orde 12 marzo 2013 (DOG 01/02/2017)-Orde 25 xaneiro de 2017 pola que se modifica orde 12 de marzo de 2013 (DOG, 15/03/2013).-Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión alumnado. (DOG, 15/03/2013).-Orde 21 de outubro de 2022 (DOG 8/11/2023)
-----------------------	--

1. Para iniciar o proceso de admisión dun alumno/a deberán ter en conta o seguinte:

- Presentación da solicitude de admisión segundo o Anexo II (procedemento ED550B), que será facilitada polo Centro ou que poden descargar directamente da aplicación:
<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>.

PRAZO: DO 1 AO 20 DE MARZO DE 2023.

**HORARIO SECRETARÍA: LUNS, MARTES, MÉRCORES E VENRES
DE 13:40 A 14:40H.**

Cada solicitante presentará **unha única solicitude** no centro que solicite praza en primeiro lugar, relacionando nela, por orde de preferencia, os centros nos que solicita praza. De presentar solicitude en máis dun centro perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

Dita solicitude irá acompañada de:

- Copia do Libro de familia ou DNI do alumno/a.
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar **no caso de denegar a consulta telemática.**
- Se o alumno/a procede doutro centro, certificación académica do curso no que estea matriculado actualmente.



- Se os pais/nais optan a una praza para alumnado con n.e.e. achegarán a documentación pertinente.
 - No caso de separación ou divorcio, será obrigatoria a sinatura de ambos proxenitores e a resolución xudicialcorrespondente(ou convenio regulador).
 - **No caso de que exista máis demanda que oferta, presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados, se fose requirida polo centro.**
 - Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada, bastará para iso o selo do centro.
2. O alumnado que queira trasladarse de centro, deberá presentar no novo centro a solicitude de admisión e O alumnado que queira trasladarse de centro, deberá presentar no novo centro a solicitude de admisión e deberá comunicalo ao mesmo tempo ao centro de orixe.
 3. O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo ao mesmo tempo ao centro de orixe.
 4. O alumnado actualmente escolarizado no centro on precisa facer reserva de praza para o vindeiro curso, pois xa conta coa praza ata finalizar a Educación Primaria, agás **os de 6º de primaria** que xa realizaron a reserva correspondente no IES de Melide..

O C.E.I.P. MELIDE Nº 1 está adscrito ao IES DE MELIDE

ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO

A área de influencia do CEIP MELIDE Nº1 abrangue a zona comprendida entre os seguintes límites:

Desde a estrada de Santiago á altura do cruce de Visantóna, continúa polo camiño de Santiago (marxe esquerda), O Castelo e continuando pola rúa Principal (marxe de números pares) ata a Praza da Constitución, seguindo pola Rúa San Pedro (marxe de números pares), enlazando perpendicularmente coa Ronda da Coruña e seguindo pola marxe esquerda (números impares) ata a Avda de América; a continuación baixa pola marxe esquerda da citada avda (números impares) ata a súa intersección coa Rúa Buenos Aires. Continuará o límite unha liña imaxinaria desde esta intersección en dirección da Rúa Pastor Barral ata o corte coa marxe dereita da Avenida de Toques e Friol, incluíndo o límite desta liña o nº 10 de Avenida de Compostela. En todo caso inclúe as dúas marxes da Avenida de Toques e Friol e o seu enlace coa AC 4604 (estrada Melide-Toques).



PARROQUIAS INCLUÍDAS NA ÁREA DE INFLUENCIA

Baltar, Grobas, Orois, Golán, Maceda, Xubial, Pedrouzos, Santa Eulalia de Agrón, Zas de Rei, Gondollín, Folladela, Vitoriz, O Barreiro, San Cibrao, Castro, Os Ánxeles, San Salvador, Parte de Santa María: inclúe as paradas de transporte de O Mesón e O Rañado, parte de San Martiño das Varelas: inclúe as paradas de transporte de Motouto, Cruce Reboredo e Montoutiño.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Lémbrese que este centro conta con servizos complementarios de transporte para o alumnado da súa área de influencia e comedor escolar

Segundo o artigo 6 apartado 1 da orde do 12 de marzo de 2013: O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponde segundo a distribución a distribución das áreas de influencia, non terá dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos pola consellería.

NORMATIVA REGULADORA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar:

- RD 443/2001, do 27 de abril (BOE do 2 de maio),
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG 9 de xullo),
- Art. 6 da Orde de 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de marzo).
- Instrucións da Xefatura Territorial

Comedor escolar:

- Decreto 374/2009, do 6 de agosto de 2009 pola que se aproban os prezos públicos pola utilización dos comedores dos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta Consellería.
- Decreto 439/2009, polo que se aproban os prezos públicos dos comedores (modifica o 374/2009)
- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios
- Decreto que regula o funcionamento dos comedores escolares. (DOG, 6/2/07)
- Orde que regula a organización, funcionamento e xestión dos comedores escolares. (DOG, 5/3/07)
- Art. 6 da Orde de 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de mar



O CEIP Melide Nº 1 conta para o vinderio curso académico 2023-2024 as seguintes prazas vacantes:

4º INFANTIL	25*
5º INFANTIL	5
6º INFANTIL	4
1º PRIMARIA	9*
2º PRIMARIA	0
3º PRIMARIA	1
4º PRIMARIA	0
5º PRIMARIA	4
6º PRIMARIA	0

*En 4º de Infantil 3 prazas están reservadas para alumnado NEE ao igual que en 1º de primaria.

Observacións:

Entre o 1 de marzo e a data de publicación da listaxe provisional de admitidos e excluídos o número de vacantes pode sufrir variación por mor da escolarización extraordinario

CALENDARIO

DO MÉRCORES 1 MARZO AO LUNS 20 MARZO	Presentación solicitudes
DESDE O MARTES 21 DE MARZO ATA O XOVES 13 DE ABRIL	Presentación documentación Baremo, NO CASO DE HABER MÁIS SOLICITUDES QUE PRAZAS.
MARTES 25 ABRIL	Publicación listaxes provisionais
26 DE ABRIL AO 5 DE MAIO	Presentación Reclamacións
15 MAIO DE 2023	Publicación listaxes definitivas



16 MAIO A 14 DE XUÑO	Prazo presentación recurso de alzada
20- 30 XUÑO	Formalización matrícula.

1. FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

Do 20 ao 30 de xuño: formalización da matrícula presentando o Anexo III que se poderá recoller na secretaría do centro, así como a documentación que deba acompañar a dito impreso. **SE FINALIZADO O PRAZO DE MATRÍCULA NON SE FORMALIZASE ESTA, DECAERÁ O DEREITO Á PRAZA OBTIDA.**

Melide, 28 de febreiro de 2023